- Los cierres de fábrica no podrán exceder de 1,5 metros de altura, debiendo adaptarse al medio en que se ubiquen.

- La altura máxima de las edificaciones no podrá exceder de dos plantas ni de 7 metros medidos en el centro de todas las fachadas, desde la rasante natural del terreno al arranque inferior de la vertiente de cubierta.

Excepcionalmente, podrá excederse dicha altura cuando las características específicas de la actividad, debidamente justificadas, lo hicieran imprescindible.

d) Cumplir las siguientes condiciones de posición e implantación:

- Habrá de justificarse suficientemente la idoneidad del emplazamiento elegido y la imposibilidad o inconveniencia de emplazarlas en suelo urbano o urbanizable con calificación idónea. Tal justificación no será necesaria cuando se trate de las construcciones señaladas en el artículo 35.1, letras g), h), i), l) y m).

- La superficie mínima de la parcela sobre la que se emplazará la edificación será de 2.000 metros cuadrados, salvo para los usos regulados en el artículo 35.1.m) y para la ampliación de cementerios. A estos efectos, no será admisible la adscripción de otras parcelas.

- La superficie máxima ocupada por la edificación en planta no excederá del 20 % de la superficie de la finca. En el caso de invernaderos con destino exclusivo al uso agrario que se instalen con materiales ligeros y fácilmente desmontables, explotaciones ganaderas, establecimientos de acuicultura e infraestructuras de tratamiento o depuración de aguas, podrán ocupar hasta el 60 % de la superficie de la parcela, y la ampliación de los cementerios, la totalidad de la misma.

Excepcionalmente, los instrumentos establecidos por la legislación de ordenación del territorio podrán permitir una ocupación superior para estas actividades, siempre que se mantenga el estado natural, al menos, en un tercio de la superficie de la parcela.

- Los edificios se ubicarán dentro de la parcela, adaptándose en lo posible al terreno y lugar más apropiado para conseguir la mayor reducción del impacto visual y la menor alteración de la topografía del terreno.



– Los retranqueos de las construcciones a las lindes de la parcela habrán de garantizar la condición de aislamiento, no pudiendo en caso alguno ser inferiores a 5 metros.

– Las condiciones de abancalamiento obligatorio y de acabado de los bancales resultantes habrán de definirse y justificarse en el proyecto, de modo que quede garantizado el mínimo impacto visual sobre el paisaje y la mínima alteración de la topografía natural de los terrenos.

Se mantendrá el estado natural de los terrenos o, en su caso, el uso agrario de estos o con plantación de arbolado o especies vegetales en, al menos, la mitad de la superficie de la parcela, o en un tercio de la misma cuando se trate de infraestructuras de tratamiento o depuración de aguas.

e) Se hará constar en el registro de la propiedad la vinculación de la superficie exigible a la construcción y uso autorizados, expresando la indivisibilidad y las concretas limitaciones al uso y edificabilidad impuestas por el título habilitante de naturaleza urbanística o la autorización autonómica.

f) Las edificaciones destinadas a uso residencial complementario de la explotación agrícola o ganadera habrán de estar íntimamente ligadas a las mismas. A tal efecto, deberá acreditarse que el solicitante es titular de una explotación de las señaladas y que ésta cumple los requisitos que reglamentariamente se determinen.

g) Las nuevas explotaciones ganaderas sin base territorial no podrán ubicarse a una distancia inferior a 500 metros de los núcleos rurales o urbanos y a 100 metros de la vivienda más próxima, salvo que el planeamiento municipal motive, en atención a las circunstancias propias del territorio, otras distancias diferentes, siempre salvaguardando la calidad ambiental del entorno. Cuando se trate de nuevas explotaciones con base territorial, la distancia mínima a los asentamientos de población y a la vivienda más próxima será de 100 metros.

La distancia a la vivienda no será tenida en cuenta si la misma y la explotación son del mismo titular.

A los efectos de la presente ley, se considera explotación ganadera la unidad técnico-económica caracterizada por la existencia de unas instalaciones y un conjunto de animales, así como otros bienes que, organizados por su titular, sirvan para la cría, producción y reproducción de animales y la obtención de productos ganaderos o prestación de servicios complementarios.

13.- LICENZA DE SEGREGACIÓN E AGRUPACION DE FINCAS. LUGAR: AGUIÑO (RIBEIRA). PROMOTORA: JOSEFA SUÁREZ FERNÁNDEZ

VISTA a solicitud de **SEGREGACIÓN E AGRUPACION DE FINCAS NO LUGAR DE AGUIÑO (RIBEIRA)** formulada por **Dña. JOSEFA SUÁREZ FERNÁNDEZ**

VISTOS os informes emitidos polo polo **arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación** D. Manue Sabín Sabín de **3 de febreiro de 2022** **Secretario Xeral da Corporación** con data **29 de setembro de 2022**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes **ACORDA:**

PRIMEIRO.- **CONCEDER** a **Dña. JOSEFA SUÁREZ FERNÁNDEZ** licencia de **SEGREGACIÓN (Nº 6/22) E AGRUPACION DE FINCAS NO LUGAR DE AGUIÑO (RIBEIRA)** de acordo co seguinte:

Solicítase a segregación e agrupación compaxina de dúas leiras coas súas consecuentes



Vivendas en Aguiño, unha leira con dúas vivendas e a outra cunha única vivenda dentro do Chan Urbano Residencial extensiva unifamiliar agrupada. (Ordenanza 6.1) e Chan Urbano Residencial media colectiva aliñada. (Ordenanza 5).

Ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no PXOM e á Lei do Solo, Art. 20.c procédese á descrición e resolución das parcelas:

Hai dúas parcelas inicialmente,

-Parcela A de 254,- m² con dúas edificacións de (Vivenda 74,- m² e Vivenda 93,- m² en Ordenanza 6.1 e cun terreo de 87,- m² en Ordenanza 5) e a

Parcela B de 460,- m² cunha edificación (Vivenda 126,- m² e terreo de 25,- m² en Ordenanza 6.1 e cun terreo de 309,- m² en Ordenanza 5). Sen considerar a cesión a vías xa existente.

Unha vez agrupadas as dúas parcelas solares, preténdese a segregación e agrupación compaxina en tres novas parcelas cada unha coa súa vivenda e con acceso directo á vía pública e desta maneira regularízanse e trátanse como solares consolidados. Quedando os tres solares como seguen:

Parcela 1, de 185,- m² con 74, m² de vivenda en Ordenanza 6.1 e 111 m² en Ordenanza 5.

Parcela 2, de 222,- m² con 93, m² de vivenda en Ordenanza 6.1 e 129 m² en Ordenanza 5.

Parcela 3, de 307,- m² con 126, m² de vivenda e patio de 25,- m² en Ordenanza 6.1 e 156,- m² en Ordenanza 5.

SEGUNDO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

14.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a DEL CARMEN PAZOS VARELA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE PLUS ULTRA SEGUROS E DE D. JOSÉ DEUS REIRIZ, POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 3241DZD OCASIONADOS COMO CONSECUENCIA DUNHA FOCHA NA CALZADA. EXPEDIENTE 2021 RESP000015

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a del Carmen Pazos Varela**, en nome e representación de **PLUS ULTRA SEGUROS** e de **D. José Deus Reiriz**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 18 de xaneiro de 2021, D. José Deus Reiriz, circulaba no vehículo, marca AUDI, modelo A3, con matrícula 3241DZD, polo lugar de Campos de Arriba, na parroquia de Carreira, en dirección ó lugar de Vilar, cando, de súpeto, bateu cunha focha existente na calzada o que lle ocasionou diversos danos no vehículo.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 08/10/2021 co número 202100018171, D^a M^a del Carmen Pazos Varela, en nome e representación da entidade "PLUS ULTRA SEGUROS" e D. José Deus Reiriz, con DNI número 53482503M, promoven



reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 1.269,97 euros mais os xuros que legalmente lle correspondan, dos que 1.069,97 corresponderían á entidade aseguradora e 200 euros corresponderían ó Sr. Deus Reiriz como importe da franquicia.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: escritura de substitución de poder, autorizada polo Notario da Coruña, D. Víctor José Peón Rama, na data 19/6/2022, número 1.136 de protocolo; autorización de representación do Sr. Deus Reiriz; certificado da titularidade do vehículo; póliza do seguro subscrita entre o Sr. Deus Reiriz e Plus Ultra Seguros; denuncia presentada ante a Policía local polo Sr. Deus Reiriz e declaración de testemuña; xustificante do servizo de recollida da grúa; fotografías do lugar do accidente; informe pericial; factura de reparación; e xustificante de pago efectuado pola entidade aseguradora ó taller reparador.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: acta de comparecencia na Policía local o día 20/01/2021; certificado de titularidade do vehículo emitido na data 02/02/2022 pola oficina local de tráfico de Santiago de Compostela; informe emitido na data 05/05/2022 pola Policía Local; ratificación de informe pericial realizada polo perito Juan Pena García na data 27/04/2022; documentación acreditativa do abono da factura; informe emitido na data 26/08/2021 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte dos reclamantes, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 23/09/2022 co número 202200018239, e no que reiteran a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 19/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 06/10/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 06/10/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/10/2022 14:48:53



De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **os reclamantes formulan a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo o permiso de circulación do vehículo e a certificación emitida na data 02/02/2022 pola oficina local de tráfico de Santiago de Compostela, o titular do mesmo na data do sinistro é D. José Deus Reiriz**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

Actúa representado por D^a M^a del Carmen Pazos Varela, que acredita debidamente a súa representación mediante autorización outorgada polo Sr. Deus Reiriz.

Así mesmo, **a entidade PLUS ULTRA SEGUROS tamén ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido parte do custe de reparación dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las*



acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”

Esta última, actúa representada por D^a M^a del Carmen Pazos Varela, que acredita debidamente a su representación mediante escritura de substitución de poder, autorizada na data 19/06/2007, ante o Notario da Coruña, D. Víctor José Peón Rama, co número 1.136 de protocolo.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe pericial que o reclamante achega coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **non consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario.** Así, a estes efectos, a Policía Local no informe de data 05/05/2022 realizado na instrución deste expediente, dispón o seguinte: “(...) 8. **A la vista de las pruebas aportadas por el compareciente y la falta de la prueba directa** mediante intervención de la policía en el momento del accidente, ya que el compareciente se presenta días después en dependencias policiales, **el agente instructor no puede afirmar que el vehículo haya sufrido el siniestro del que presuntamente ha salido perjudicado.”**

A enxeñeira municipal no informe emitido na data 26/08/2022, dispón que: “(...) **En el Departamento de Obras Públicas no se tuvo constancia del accidente por el que se reclama.** En la fecha del accidente, esto es, el día 18 de enero de 2021, no se hizo por parte del departamento de obras públicas, ninguna inspección del citado lugar, por lo que se desconoce el estado exacto del mismo en esa fecha. Solamente puede constatarse por las fotografías que aporta el reclamante con su escrito de reclamación. De todas formas, con motivo de la reclamación presentada de la que se dio cuenta a este departamento desde los servicios de la secretaría general, en el mes de junio del presente año se procedió a la inspección del lugar del accidente, tomando varias fotografías que se unen a este informe, y en las que se aprecia que se está ejecutando la formación de bordillo para la acera de nueva construcción. Esto implica un recorte en el conglomerado para poder ejecutar perfectamente los bordillos, con lo que desaparece completamente la zona que nos ocupa. (...). **Observando las fotografías que constan en el expediente del lugar del accidente, lo que el reclamante califica como “bache”, no puede considerarse tal, puesto que no ocupa una parte central de la vía, o en el propio carril de pisada de vehículos. Se trata de una irregularidad en el borde de la carretera, habitual en las carreteras secundarias, como la que nos ocupa. Y que para nada supone un obstáculo ni un riesgo para la circulación, al estar situado fuera de la zona de rodadura de los vehículos.** Como he dicho antes, se trata de una vía secundaria en la que generalmente pintan el eje de la vía y no es posible pintar las líneas de los arcenes puesto que no tiene el ancho suficiente. Dicho lo cual, hay que conducir de forma prudente, lo más centrados posible para evitar la “zona de arcén” (que generalmente en



estas vías es irregular y circulan peatones), y teniendo precaución a la hora de cruzarnos con otro vehículo, además de hacerlo a una velocidad limitada, puesto que el tramo de carretera donde tuvo lugar el accidente está situado en el ámbito de zona escolar. En mi opinión, dado el tramo de carretera de que se trata y de que la irregularidad citada no puedo considerarse un bache, el conductor del vehículo tenía que hacerlo a una velocidad superior a la permitida para que se le ocasionaran los daños que menciona en su escrito de reclamación (reventón de las dos ruedas del lado derecho). (...)"

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que non existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Audi, modelo A3, con matrícula 3241DZD, propiedade de D. José Deus Reiriz.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 04/10/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por **D^a M^a del Carmen Pazos Varela**, en nome e representación de **PLUS ULTRA SEGUROS** e de **D. José Deus Reiriz**, polos danos no vehículo marca Audi, modelo A3, con matrícula 3241DZD, polos motivos e fundamentos antes expostos.

15.- VAO PERMANENTE – Manuel Moscoso Villaverde

Visto o escrito presentado por **Manuel Moscoso Villaverde**, de data 21/09/2022 (Registro de entrada nº 18.071), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa da Garita, nº 9 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 16/09/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Manuel Moscoso Villaverde**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), con reforzo de pintado de liña lonxitudinal amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa da Garita, nº 9 (Castiñeiras), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega das pracas de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.



16.- INSTALACIÓN DE PASO DE PEÓNS NA RÚA MANUEL MURGUÍA (AGUIÑO)

Visto o informe emitido pola Policía Local, de data 29/08/2022, relativo á adopción de medidas para reducir a excesiva velocidade dos vehículos na Rúa Manuel Murguía (Aguiño).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar como medidas disuasorias para o exceso de velocidade dos vehículos, a **instalación dun paso de peóns** na Rúa Manuel Murguía (Aguiño), á altura de nº 13, , así como a instalación dun **senal de velocidade máxima 30 km/h (R-301)** ao principio da rúa, segundo o sinalado no citado informe policial.

17.- HABILITACIÓN RESERVA DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA NA RÚA DO MENDIÑO (RIBEIRA)

Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 29/09/2022, no expón a necesidade de habilitar unha nova reserva de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida na rúa do Mendiño (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a habilitación dunha nova reserva de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida na rúa do Mendiño (Ribeira), detrás do CEIP O Grupo, inmediatamente despois do portal de acceso ao colexio, coa incorporación de sinalización vertical (S-17a), segundo o sinalado no citado informe policial.

19.- APROBACIÓN DO PAGO DOS PREMIOS AOS MELLORES CLASIFICADOS ABSOLUTOS (CATEGORÍAS MASCULINA E FEMININA) NA XXIII CARREIRA POPULAR SANTA UXÍA

Visto o informe do Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 30/09/2022, no que solicita o aboamento mediante transferencia bancaria dos premios aos mellores clasificados absolutos (categorías masculina e feminina) na “XXIII Carreira Popular Santa Uxía”, celebrada o 28/09/2019; e no que sinala:

“José Miguel Ruiz Rivas, Xerente de Actividades Deportivas do Concello de Riveira

INFORMA:

1º.- Que 28-09-2019 disputouse a XXII CARREIRA POPULAR SANTA UXIA.

2º.- Que os premios aprobados para os mellores clasificados absolutos, tanto en categoría masculina como feminina, foron os seguintes:

- Absoluto/a: 1º.- 300,00 €
- Absoluto/a: 2º.- 150,00 €
- Absoluto/a: 3º.- 90,00 €

3º.- A Clasificación xeral da proba foi a seguinte:

CATEGORÍA MASCULINA:

1º.- HUGO GARCÍA SOUTO (...)



2º.- PABLO OTERO FARIÑA (...)
3º.- ÁNGEL CASTRO VARELA (...)

CATEGORÍA FEMININA:

1ª LAURA SANTOS DOMÍNGUEZ (...)
2ª SANDRA MOSQUERA LOSADA (...)
3ª ROCIO ALVITE FERREIRO (...)

4º.- Segundo o regulamento os importes aboaranse mediante transferencia bancaria as contas facilitadas o efecto polos tres primeiros clasificados de cada categoría.

SOLICITA:

Se abone mediante transferencia bancaria os premios da XXIII CARREIRA POPULAR SANTA UXÍA según a clasificación da proba relacionada anteriormente."

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o pago mediante transferencia bancaria os premios aos mellores clasificados absolutos (categorías masculina e feminina) na "XXIII Carreira Popular Santa Uxía", según a clasificación obtida na citada proba, e según o sinalado no citado informe.

20.- AUTORIZACIÓN CAMPAÑA "COMPRAR NA TÚA VILA TEN PREMIO" – Federación Galega de Comercio da Coruña

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 30/09/2022, relativa á realización dunha campaña pola Federación Galega de Comercio da Coruña, para dinamizar el comercio local "COMPRAR NA TÚA VILA TEN PREMIO" e que levarán a cabo en 10 localidades da provincia da Coruña. A actividade sería o sábado 5 de novembro na Praza do Concello de Ribeira en horario de 9:00 a 15:00 horas e consistiría na instalación dunha carpa de 6x3 que contará cun Dj para amenizar a xornada e un grupo de promotores repartirán vales para un sorteo de tarxetas regalo para gastar no comercio local, nos establecementos adheridos á campaña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a realización dunha campaña pola Federación Galega de Comercio da Coruña, para dinamizar el comercio local "COMPRAR NA TÚA VILA TEN PREMIO", o sábado 5 de novembro na Praza do Concello de Ribeira en horario de 9:00 a 15:00 horas.

21.- AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Mario Vidal Villar

VISTO o escrito presentado por **Mario Vidal Villar**, de data 28/09/2022 (Rexistro de entrada nº 18.595), no que solicita autorización para amenizar unha festa privada no establecemento hostaleiro "Tapería A de Maris" (Ribeira), cun evento musical (Guitarrista acústico) o día 08/10/2022, de 20:00 h. a 23:00 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Mario Vidal Villar para amenizar unha festa privada no establecemento hostaleiro "Tapería A de Maris" (Ribeira), cun evento musical (Guitarrista



acústico) o día 08/10/2022, de 20:00 h. a 23:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o **solicitante (Mario Vidal Villar)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.



SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Raquel Pazos Maneiro

VISTO o escrito presentado por **Raquel Pazos Maneiro**, de data 29/09/2022 (Rexistro de entrada nº 18.659), no que solicita autorización para amenizar o establecemento hostaleiro “Bar O Timón” (Castiñeiras), cun evento musical (Dj) o día 08/10/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Denegar a solicitude de autorización presentada por **Raquel Pazos Maneiro** para amenizar o establecemento hostaleiro “Bar O Timón” (Castiñeiras), cun evento musical (Dj) o día 08/10/2022.

23.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- G.S.

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade**, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 28/09/2022, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **G.S.**, mediante escrito de data 14/09/2022 (Rexistro de entrada nº 17.342).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 28/09/2022, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a G.S. unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **495,00 €**, en concepto de realoxo temporal durante 15 días no Hotel Áncora (Ribeira).



24.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONCERTOS EN PARQUE GARCÍA BAYÓN –María Cruz Rodríguez Vázquez

Visto o escrito presentado por María Cruz Rodríguez Vázquez, en representación dos establecementos hostaleiros “O Carballoso”, “Restaurante Airoa” e “O Karallo 29”, de data 03/10/2022 (Rexistro de entrada nº 18.959), no que solicita autorización para a celebración duns concertos no Parque García Bayón (Ribeira), durante todos os sábados desde o 08/10/2022 ata setembro de 2023 (incluído), en horario de 20:00 h. a 23:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Denegar** a María Cruz Rodríguez Vázquez, en representación dos establecementos hostaleiros “O Carballoso”, “Restaurante Airoa” e “O Karallo 29”, para a celebración duns concertos no Parque García Bayón (Ribeira), durante todos os sábados desde o 08/10/2022 ata setembro de 2023 (incluído), en horario de 20:00 h. a 23:30 h.
- b) Ratificarse no acordo da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 29/09/2022, polo que se lle **autoriza** a celebración duns concertos no Parque García Bayón (Ribeira), durante todos os sábados desde o 08/10/2022 ata decembro de 2022 (incluído), en horario de 20:00 h. a 23:30 h.

25.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO CARPA MUNICIPAL – Papa Ibrahima Diatta

Visto o escrito presentado por **Papa Ibrahima Diatta**, de data 03/10/2022 (Rexistro de entrada nº 18.987), no que solicita a cesión de uso da carpa municipal os días 8 e 9/10/2022 co motivo da celebración do El Mamlid, celebración relixiosa musulmana aberta a todas as comunidades.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a cesión de uso da carpa municipal os días 8 e 9/10/2022 co motivo da celebración do El Mamlid (Celebración relixiosa musulmana).

26.- PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A EN DESENVOLVEMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020 (CORRECCIÓN DE ERROS). EXPEDIENTE: 2022 ATEC000038.

En relación ao asunto de referencia, con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

- 1.- Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada na data 08/09/2022, resolveuse aprobar as Bases para a provisión en propiedade dunha praza de ARQUITECTO/A TÉCNICO/A (funcionario/a de carreira), en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público deste Concello para 2020.
- 2.- As citadas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, número 178 do 19/09/2022.
- 3.- Na base 4ª “PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES”, advírtese erro na mención da dirección da sede electrónica.



LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

SEGUNDA.- O órgano municipal competente para a rectificación de erros é a Xunta de Goberno Local, por ter sido o órgano que adoptou o acordo de aprobación das citadas bases.

Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 03/10/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Proceder á rectificación de erros na Base 4 das aprobadas para a provisión en propiedade dunha praza de ARQUITECTO/A TÉCNICO/A (funcionario/a de carreira, código RPT 03.01.02.02) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2020, publicadas no BOP número 178 do 19/09/2022, tal e como se dispón a continuación:

Advertidos erros nas Bases para a provisión en propiedade dunha praza de ARQUITECTO/A TÉCNICO/A en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público no ano 2020 (Expediente 2022 ATEC000038), publicadas no BOP da Coruña número 178 do día 19/09/2022, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 3, base 4ª “**PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**”, **onde dí:**

“As ditas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas) durante o prazo de VINTE DÍAS NATURAIS, QUE SE INICIARÁ O DÍA SEGUINTE Ó DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA NO BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da sede electrónica do Concello de Ribeira (<https://ventanilla.riveira.es>).”

Debe dicir:

“As ditas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas) durante o prazo de VINTE DÍAS NATURAIS, QUE SE INICIARÁ O DÍA SEGUINTE Ó DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA NO BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da sede electrónica do Concello de Ribeira (<https://sede.ribeira.gal>).”

Segundo.- Ordenar a publicación da citada corrección de erros no “Boletín Oficial da Provincia”.



Terceiro.- Dar conta da aprobación da referida emenda de erros aos representantes sindicais de persoal.

27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS PARA CONCERTOS EN DIRECTO EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Pérez Pouso

VISTOS os escritos presentados por **Manuela Pérez Pouso**, de data 04/10/2022 (Rexistro de entrada nº 19.084), nos que solicita autorización para amenizar o establecemento hostaleiro “Heaven and Hell” (Ribeira), cuns concertos en directo os días 12 e 18/10/2022, a partir das 21:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Denegar a solicitud de autorización presentada por **Manuela Pérez Pouso** para amenizar o establecemento hostaleiro “Heaven and Hell” (Ribeira), cuns concertos en directo os días 12 e 18/10/2022.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

